

BLOQUE IV: FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA

KARL MARX (S. XIX: 1818-1888)

TÓPICO ABAU: - ALIENACIÓN E IDEOLOXÍA EN MARX

I.- VIDA E OBRA

1.1.-ORIXES: Nace Marx en Tréveris o 5 de maio no seno duna familia burguesa de orixe xudía. Súa nai era de orixe holandesa, muller sinxela que nunca chegou a escribir correctamente o alemán. Seu pai, avogado de gran prestixio, chegou a ser decano do colexio de avogados e conselleiro xudicial. Hirschel, home ilustrado admirador de Voltaire, Rousseau e Lessing, recibira o bautismo na igrexa luterana en 1816, pouco despois da anexión de Renania a Prusia adoptando o nome de Heinrich; en 1824 fixo bautizar aos seus 7 fillos e o ano seguinte fíxoo a súa muller. Hirschel, que profesaba un vago deísmo, "converteuse" á igrexa luterana, máis permeable ás ideas ilustradas que o xudaísmo, por razóns de convicción intelectual, pero tamén para asegurar o seu ascenso social,(nunha carta a Marx de 1835 afirma "ti sabes que estou moi lonxe de ser un fanático. Pero, tarde ou cedo, esta fe é para o home unha verdadeira necesidade").

1.2.- INFANCIA: O barón Ludwig von Westphalen era un ilustre amigo da familia e a súa filla Jenny será a esposa de Marx. O barón, un humanista que lía en grego e latín e citaba a Homero e Shakespeare, encariñouse co xove Marx, con quen tiña longas charlas. Este aristócrata foi o que espertou o interese de Marx pola doutrina do socialista utópico Saint-Simón. Marx adicará a el a súa tese.

1.3.- ESTUDOS SECUNDARIOS: en 1830 (12 anos) estuda no Liceo de Tréveris. De entre os seus profesores liberais e ilustrados acorde cos tempos, destaca o director H. Wyttenbach, profesor de historia e filosofía. En 1835 (17 anos), ao finalizar o bacharelato, destacou Marx no seu exame de madurez. Consérvanse os exercicios de relixión e o exercicio de composición en alemán titulado "**Reflexións dun xove ante a elección dunha profesión**" cuxa frase central "A nosa principal guía na elección da profesión debe ser o ben da humanidade, que constitúe tamén a nosa propia realización", resulta unha asombrosa anticipación de dous conceptos básicos (humanidade e realización) do seu posterior humanismo socialista (antropoloxía).

1.4.-UNIVERSIDADE DE BONN: en 1835 (17 anos) satisfai los desexos de seu pai e inicia a carreira de dereito en Bonn, pero adícase á poesía e vida estudantil: forma parte del "**Club dos poetas**" e da "Asociación de bebedores" **malgastando o diñeiro da súa familia**. No seu certificado de estudos da Universidade en agosto de 1836 dicíase "o señor K. Heinrich Marx incorreu en pena dun día de calabozo por embriaguez e alboroto nocturno...foi acusado tamén de levar armas prohibidas". Pola súa **vida "goliardesca"** en Bonn, parece pois que o famoso dito da súa nai de que o seu fillo tería feito mellor en ocuparse do capital en vez de escribir sobre el, non foi moi desacertado, pois Marx nunca aprendeu a manexar o diñeiro razoablemente; como di o seu biógrafo Mehring¹ "

¹ F Mehring "Carlos Marx, historia de su vida", Barcelona, 1968

a ese gran teórico do diñeiro endexamais lle saíron ben as contas.

Durante las vacacións de verán en Tréveris Karl e Jenny contraen esponsais en secreto por temor á oposición familiar. O matrimonio terá lugar en 1843 (25 anos). Jenny era unha muller moi cortexada pola súa beleza e simpatía e será esposa fiel, colaboradora, e compañeira de penas e fatigas. Anque provinte de clase alta, mantívose ao seu lado ante as condicións máis adversas, coma cando veu morrer a un dos seus fillos sin poder darlle ataúde, mentres estaba dando a luz a outro. A súa vida xuntos non foi de todo harmoniosa e feliz: Jenny estivo a punto de romper en ocasións, mentres Marx adoitaba dicir entre dentes "para xente de bastos intereses non hai maior loucura que casarse". Non obstante estas crises, o seu amor ardeu ata a fin, como se mostra nas cartas románticas que Marx enviaba a Jenny.

1.5.- UNIVERSIDADE DE BERLÍN (5 anos 1836-1840:18-22 anos): os malos resultados de Bonn fan que o seu pai o envíe á capital de Prusia: Berlín en 1836 (con 18 anos) onde pasará 5 anos decisivos para a súa formación. Anque **segue os cursos de dereito** con K. von Savigny (representante da Escola histórica do dereito) e con Eduard Gans (xurista hegeliano enxertado na filosofía de Saint-Simon), Marx séntese **atraído cada vez máis cara a filosofía**. Le a **Hegel** de cabo a rabo e despois **aos seus discípulos** (dereita e esquerda hegeliana). Tras o primeiro ano séntese un home novo nunha encrucillada histórica. É o momento da "toma de conciencia" do momento histórico no que vive para poder intervir na construción do futuro, esta toma de conciencia caracterizará toda a súa obra.

Sitúase entre os hegelianos de esquerdas. Frente á filosofía de Kant, que opón o que "é" e o que "debe ser" (separación razón teórica-razón práctica), prefire a intuición de Hegel de establecer a unidade entre o ideal e o real ("**todo o racional é real, todo o real é racional**"), pero interpretando que a idea non reside en outro lado máis ca neste mundo (analogamente ao feito por Aristóteles respecto de Platón, **baixa Marx as ideas de Hegel do ceo á terra**). "Liberándome do idealismo, o cal, dito sexa de paso, se alimentaba de Kant e de Fichte, cheguei a *buscar a idea na realidade mesma*"².

Dereita e esquerda hegeliana: Por esta época entra en contacto cos xoves hegelianos, que se reunían nun café da rúa dos Franceses para discutir sobre Hegel formando o "club dos doutores". Marx acada no grupo gran influencia; Edgar Bauer describe a Marx nun famoso poema³:

¿Quen entra á carreira, impetuoso e salvaxe,
moreno compañeiro de Tréveris ardendo de furor?
Non anda nin trisca, senón que se lanza sobre a súa presa
con furia desgarradora, como home que salta para agarrar
anchos espazos de ceo e arrastralos cara o chan,
abrindo os brazos de par en par cara os ceos.
Ten o maligno puño pechado e ruxe sin parar,
como se dez mil demos o tiveran suxeito polo cabelo.

Outro retrato do xove Marx o pinta o hegeliano Moses Hess nunha carta ao seu amigo Berthol Auerbach: "Conta con que coñecerás ao máis grande, tal vez ao *único auténtico filósofo*"...O doutor Marx, que é o nome do meu ídolo, é un home aínda xove (24) que

² Schrifften-Manuskripte-Briege bis 1844

³ Der Triumph des Glaubens (Historische-kritische Gesamtausgabe, I,2)

vai a dar o golpe de gracia á relixión e á política medievais...Imaxina a Rousseau, Voltaire, Holbach, Lessing, Heine e Hegel mesturados nunha soa persoa -digo *mesturados*, non xustapostos- e terás ao doutor Marx".

Política: David Strauß (pertencente á esquerda) centrouse no aspecto político da filosofía hegeliana e cualificou os seguidores de Hegel en dereita e esquerda hegeliana (tomando como modelo a esquerda e dereita do parlamento francés). A dereita sostivo que o Estado prusiano coas súas institucións e relacións económicas e sociais tiña que considerarse como punto de chegada da dialéctica, como máxima realización da racionalidade do espírito: xustifican o Estado existente. A esquerda, en cambio, interpretou que a dialéctica non debía deterse nunha configuración política determinada, senón que debía negala e superala para acadar unha racionalidade máis elevada: negan o Estado existente.

Relixión: Pero a controversia entre dereita e esquerda hegelianas non comezou sendo política, senón relixiosa. Hegel sostivera que filosofía e relixión posúen o mesmo contido, anque mentres a relixión expresa este contido en forma de "representación", a filosofía exprésao en forma de "concepto"; así a misión da filosofía sería tomar o verdadeiro contido da relixión e transformalo en conceptos, eliminar o seu carácter de verdade relixiosa e convertela en verdade filosófica. O problema que se suscitaba para interpretar a Hegel era se o cristianismo é compatible ou non coa filosofía hegeliana: este problema escinde a dereita e a esquerda. **A dereita** interpretou que a filosofía de Hegel era compatible cos dogmas cristiáns e que Hegel representaba o esforzo máis adecuado para xustificar a relixión ante a razón (problema razón-fe); por iso foi denominada "escolástica do hegelianismo" pois intenta xustificar a verdade relixiosa utilizando a filosofía de Hegel, o mesmo que fixo Tomás utilizando a de Aristóteles. **A esquerda**, en cambio, afirmou que cristianismo e hegelianismo son incompatibles, e eliminou a transcendencia relixiosa reducindo esta a un feito humano (así Feuerbach), a través do cal se pode chegar a saber moitas cousas do home mesmo pero non de Deus.

A) Representantes da dereita foron: Göschel que propuxo tres probas da inmortalidade da alma e defendeu a existencia do sobrenatural. Tamén o fixeron **Conradi e Gabler**, así coma os historiadores da filosofía **Eduard Erdmann e Kuno Fischer**.

B) Centro: nel colocou Strauß a **Freidrich Rosenkantz**, biógrafo de Hegel.

C) Esquerda: o propio **Strauß, Bruno Bauer, Max Stirner, Arnold Ruge** e máis adiante **Feuerbach e Marx**.

Durante os 5 anos de Berlín, Marx asistiu a moi poucas clases e dedicouse pola súa conta a ler polas noites devorando as obras de literatura clásica como Tácito, Ovidio, Lucrecio e de filosofía Aristóteles, Epicuro, Spinoza, Leibniz, Hume, Feuerbach...Cando en 1838 morre o seu pai, empeza a pensar na súa profesión.

1.6.-TESE DE DOUTORAMENTO: O seu amigo Bruno Bauer trasladárase a Bonn, onde ensinaba teoloxía, é dicir, ateísmo. Marx pretende seguilo coa esperanza de obter unha cátedra, pero necesita unha tese doutoral, para o cal estuda intensamente filosofía

antiga: estoicismo, epicureísmo e escepticismo en relación co resto do pensamento grego. O resultado é a súa tese "***Diferencia entre a filosofía da natureza de Demócrito e Epicuro***" 1841 (na que expresa o seu ateísmo influído por Feuerbach e a ilustración), tese que presenta na universidade de Jena pola súa menor exixencia científica e por temor á vixilancia do goberno prusiano sobre a universidade de Berlín. No verán do mesmo ano 1841 Bauer era expulsado polo goberno prusiano da súa cátedra de Bonn polas súas ideas radicais, o cal afectaba tamén a Marx por lo que renuncia ao seu proxecto universitario.

1.7.- PERIODISMO NA "GACETA RENANA": en 1842 (24) empeza a colaborar neste periódico editado en Colonia, capital de Renania, e era de tendencia burguesa e liberal, do que pronto se fai director. Dirixiu con habilidade e realismo político sorteando tanto a censura prusiana como o **radicalismo estéril** dos mozos hegelianos como **Bauer**, cos que finalmente rompeu. Os seus artigos sobre liberdade de expresión, a Dieta⁴ renana, leis que impoñían castigos corporais contra os pobres que roubaban leña dos bosques, chamaron a atención do goberno, irritado polo xiro progresista; ademais Marx protestou pola supresión dos "Anais alemáns" do seu amigo Ruge e escribiu un duro alegato contra o despotismo ruso. O zar elevou unha protesta diplomática a Federico Guillermo IV, quen suprimiu o periódico e Marx quedou na rúa.

1.8.- MATRIMONIO: Foise a Kreuznach, onde vivía a súa prometida coa súa nai, para preparar o seu matrimonio (civil e relixioso), que se celebrou en 1843 (25). Terá varios fillos dos cales só sobreviviron tres fillas: Jenny, Laura e Eleanor, a preferida do seu pai que se dedicou sen éxito ao teatro. e estivo unida 15 anos a E. Abeling, quen tomou por esposa a unha xove actriz, o cal provocou o suicidio de Eleanor. Marx foi un pai moi cariñoso que lles lía aos seus fillos pasaxes de Scheakespeare e Don Quixote, xogaba con eles no xardín facendo de cabalo: "son os fillos os que teñen que educar aos pais e non ao revés", adoitaba dicir. A baronesa de Westphalen regalou ao matrimonio a serventa 5 anos máis xove que Marx, Helen Demuth, quen en 1951, cando Marx estaba en Londres, tivo un fillo que foi confiado á familia dun pobre carreteiro. Durante un tempo pensouse que era de Engels, pero parece que o verdadeiro pai foi Marx, que o mantivo en segredo e negouse a recoñecelo por consideración á súa esposa. Despois da voda permaneceu un verán en Kreuznach, onde Marx redactou **comentarios á "Filosofía do dereito" de Hegel** relacionados co **tema do Estado**. De aí xurdiu a obra que coñecemos como "***Crítica da filosofía do dereito político de Hegel***" 1843. Como pai de familia urxíalle encontrar un emprego.

1.9.-PERÍODO DE PARÍS (1 ano e 3 meses 1843-44 -25-26 anos-) : O seu amigo Ruge ofreceulle o posto de director da **revista "Anais franco-alemáns"**, que debía publicarse en París. Alí asentouse Marx coa súa esposa o n° 38 da rúa Barreau en outubro de 1843. En febreiro do 44 apareceu o primeiro e último número (dobre) da revista: contiña dous traballos de Marx: "***A cuestión xudía***" e "***Contribución á crítica da filosofía hegeliana do dereito***". Foi un fracaso total, pois o goberno de Berlín pediu a París a súa supresión e ordenou deter aos autores cando atravesaran a fronteira; ademais a publicación no tivo éxito en Francia e, por se fora pouco, inimistouse con Ruge por cuestións ideolóxicas. De novo na rúa, pero sen amigos. En agosto do 44 camiño cara Alemaña dende Inglaterra

⁴ Asamblea política e lexislativa.

chegou **Friedrich Engels**, fillo dun rico fabricante de telas de Barmen (hoxe Wuppertal, en Alemaña) que posuía en copropiedade una industria en Manchester. Por distintos camiños ambos chegaran á mesma meta: concepción dialéctica da historia con base económico-social. Engels converterase no seu amigo fiel, colaborador, e sustentador económico en tempos difíciles. Planearon inmediatamente **escribir un libro satírico contra a esquerda hegeliana** (Marx escribiu 9 partes de 10) "**A sagrada familia ou crítica da crítica. Contra Bruno Bauer e consortes**" publicada en Frankfurt en 1845. Tamén en París redactou Marx uns apuntes que debían sintetizar o seu desenvolvemento intelectual, pero que permaneceron inéditos ata 1932! os "**Manuscritos de economía e filosofía**" (do 44). A principios do 45 o goberno prusiano presionou ao de París, que ordenou a expulsión de Marx o 1 de febreiro. Se entendemos o pensamento de Marx como a síntese entre filosofía alemá (Hegel e Feuerbach), economía política e socialismo⁵, ao saír de París Marx tiña desenvolvido o seu pensamento.

1.10.-PERÍODO DE BRUXELAS (febreiro del 45-marzo do 48:3 anos 27-30): expulsado de Francia, instálase en Bruxelas con axuda de Engels, quen axiña o seguirá. Preparan un novo libro contra toda a filosofía alemá post-hegeliana no seu conxunto acusándoa de "ideolóxica" e inoperante "**A ideoloxía alemá. Crítica da recente filosofía alemá nos seus representantes, Feuerbach, B. Bauer, e Stirner e do socialismo alemá nos seus diversos profetas**", que permaneceu inédita por falta de editor. É un período fecundo, escribe tamén as "**Once teses sobre Feuerbach**" en maio do 45 (27 anos), que Engels atopou nun carné e publicou en 1888. En 1847 (29 anos) publícase en Bruxelas a **obra de Proudhon "Contradicións económicas ou filosofía da miseria" contra a que Marx escribe "A miseria da filosofía"**, da que dirá despois en "Crítica da economía política" que expoñía os principios científicos decisivos, pois nela afirmase que a economía e o antagonismo de clases producidos pola propiedade privada determinan a historia (materialismo histórico)⁶. A finais de 1847 a **recentemente fundada "Liga dos comunistas"** encárganlle a Marx e Engels o "**Manifiesto do partido comunista**", un deses pequenos libros que conmoveron ao mundo; texto breve que expón de forma popular o credo marxista entre promesas e ameazas que remata coa frase

!Que as clases directoras treman ante a idea da revolución comunista! Os proletarios non poden perder máis cás súas cadeas. Teñen, en cambio, un mundo por gañar.¡Proletarios de todos os países, unídevos!

A obra apareceu en 1848 ao mesmo tempo en París (en francés) e Londres (en alemán). En **febreiro do 48 estalou en París a revolución** que destronou ao "rei burgués" Luis Felipe de Orleáns e instaurou a República. O 3 de marzo Marx recibe dúas cartas: unha do rey de Bélxica que lle ordena deixar o país en 24 horas, e outra do goberno provisional da República francesa que lle invita a visitar Francia ao "leal e bravo Marx".

1.11.-CURTO PERÍODO DE PARÍS, COLONIA E VIENA (14 meses: marzo do 48-xuño do 49; 30-31 anos): expulsado de Bruxelas aséntase en **París**, pero como a revolución se estende a Alemaña, vaise a **Colonia**, onde dá vida de novo ao **periódico radical "Nova**

⁵ Partindo do dito de Lenin segundo o cal Marx é fillo da filosofía alemá, a economía inglesa e o socialismo francés. C. Valverde, segue este esquema na súa obra "Los orígenes del marxismo", Madrid, 1974.

⁶ Afirmou C. Valverde en "El materialismo dialéctico".

gaceta renana". Nel publicará artigos de carácter político, así como unhas conferencias que dirixira en Bruxelas aos obreiros alemáns co título "**Traballo asalariado e capital**"(49). Non obstante, nesta época Marx dáse conta de que Alemaña aínda no está preparada para a revolución e actúa como un político cauto e posibilista, unha especie de "Bismark roxo" que evita sacrificios inútiles e trata de pescar o que pode en río revolto. Entre agosto e setembro do 48 viaxa a **Viena** onde obreiros e estudantes se levantaran en armas contra a monarquía dos Habsburgo. O disciplinado exército de Prusia sobrepúxose pronto á revolución, e o **gobierno prusiano en marzo do 49 suprimiu o "Novo diario renano"**, procesouse a Marx e invitóuselle a deixar Alemaña. Empeñando as xoias de Jenny foron a **París**, pero tamén alí o goberno conservador de Luis Napoleón, elixido tras o holocausto de miles de obreiros no levantamento do 24 de xuño do 48, ordénalle fixar a residencia nunha afastada zona pantanosa de Bretaña (Morbihan), polo que Marx preferiu **irse á Inglaterra vitoriana**, bastión do capitalismo en pleno desenvolvemento imperial.

1.12.- PERÍODO DE LONDRES (agosto do 49-) Chegan a Londres en condicións de penuria, desafiuzado da súa primeira casa en Chelsea alóxase nun pequeno hotel alemán en Leicester Street e pouco despois trasládanse ao 28 de Dean Street, miserable apartamento de 2 pezas que será o cuartel xeral do movemento comunista e os refuxiados de todos os países. En ocasións a familia rozou a miseria extrema, como no 52 cando escribe a Engels "a miña muller e a miña filla Jenny están enfermas, Lenchen ten unha enfermidade nerviosa...non podo chamar ao médico por falta de diñeiro e medicinas. Fai oito días que alimento á miña familia con patacas e pan pregúntome se hoxe poderei procurárllelos". Pero Marx non se asustaba polas dificultades e comezou a escribir en periódicos e revistas, **faise correspondente do "New York Daily Tribune"** onde dá a coñecer aos americanos os acontecementos da vella Europa. Escribe traballos de historia francesa "**A loita de clases en Francia do 48 ao 50**" (1850) e "**O 18 de Brumario de Luís Bonaparte**" (1859) e tamén de acontecementos españois como a "**Vicalvarada**"⁷ de 1854 e o golpe de estado de O'Donnell do 56⁸.

Despois deste período de estreiteces, gracias ao soldo do periódico neoiorquino, a xenerosidade de Engels que lle asegura unha pensión de 2000 libras a partir do 48, e a varias herdanzas (súa nai, a súa sogra e un amigo: Wilhelm Wolf, Marx tivera podido darlle unha vida digna á súa familia, **pero era incapaz de manexar o diñeiro cun sentido práctico**: cando o tiña gastábao e cando non, pedíao a outros. Chegou a ter 2 serventes e no 56 instaláronse nunha elegante residencia que hoxe acolle a varias familias (en Grafton Terrace, 9); máis tarde aluga a "**Vila Módena**", unha suntuosa mansión (Maidland Park Road, 1) na que as súas fillas daban bailes para 50 persoas; se ten calculado que o custe desta vila por mes era 7 veces o soldo dun mineiro escocés ou dun obreiro téxtil. Este nivel de vida non responde soamente a satisfacer o orgullo burgués de Jenny, senón que o propio Marx vestía traxes a medida, usaba monóculo e apreciaba

⁷ Nome que recibe a Revolución española de 1854 por terse iniciado co enfrontamento entre as tropas sublevadas ao mando do xeneral Leopoldo O'Donnell e as tropas gobernamentais preto do pobo madrileño de Vicalvaro. Foi un pronunciamento militar seguido dunha insurrección popular, que se produciu entre o 28 de xuño e o 28 de xullo de 1854 durante o reinado de Isabel II. Con el púxose fin á década moderada (1844-1854) e deuse paso ao bienio progresista (1854-1856).

⁸ Vid. M. Sacristán en "Revolución en España", Barcelona, 1960. Reúne os artigos de Marx sobre España e 3 de Engels sobre a guerra de Tetuán.

bos viños, tampouco considerou en serio a posibilidade de que as súas fillas puideran traballar e incluso aconsellou a Jenny facerse tarxetas de visita co título de "baronesa de Westphalen".

Por esta época era un **devorador de libros** "O capital, non me procurou sequera o que me custaron os cigarros ao escribilo". En 1857 o **museo británico** abriu una gran sala de lectura, da que Marx se converteu en asiduo (consérvase a súa mesa de estudio), tiña unha gran capacidade de asimilación, tragouse bibliotecas enteiras e encheu 14 cadernos de notas **estudando o problema da moeda**. Tamén se interesa pola **historia, literatura** (Walter Scott, Dumas e Balzac) e a **ciencia** (estuda a Darwin con quen intenta en vano relacionarse) e **aprende castelá** con Calderón e Cervantes e ao final da súa vida **tamén ruso** para poder seguir os problemas socio-políticos de Rusia, que lle parece o futuro berce da revolución mundial, tal e como de feito o será.

Dentro deste extenso coñecemento, **destaca a economía** que cristaliza nas súas últimas obras. En 1859 publícase en fascículos en Berlín "**Contribución á crítica da economía política**", en cuxo prólogo se expón unha famosa breve e clara síntese do "materialismo histórico". Pero en Londres dedícase varios anos á súa obra cumio "**O capital**", cuxo primeiro volume se publica en **1867**, ao que debían seguir rapidamente o II e III volumes, pero a cantidade de material acumulado e o seu afán de perfeccionismo impídenllo e será Engels quen ordene o material deixado por Marx e os publique en 1885 e 1894 respectivamente.

Nesta última etapa da súa vida **dedicouse tamén a dirixir o movemento obreiro internacional**. Despois dun mitin en **Londres** en 1864 xurdiu a idea de **fundar a "Asociación Internacional de Traballadores"** ou Primeira Internacional, na que Marx tivo que loitar duramente para impoñer os seus puntos de vista contra os disidentes: os proudhonianos, os bakunianos e os seguidores de Lassalle. En 1865 en Londres, durante o "primeiro congreso" da primeira AIT realizou un relatorio sobre "**Salario, prezo e ganancia**" que se publicou como folleto en 1898. **No (II) Congreso de Xenebra de 1866** tamén triunfaron en boa parte as ideas de Marx, pero os grupos que compoñían a asociación irán distanciándose ata que, **tras a derrota da Comuna de París en 1871** estalou a crise na que os líderes emigrados a Londres se devoraban entre si. **No (III) congreso da Haya** no que Marx e Engels triunfaron, logrando que se aprobase a **fundación do Partido**, o traslado do Consello Xeneral a Nova York para escapar ás influencias do anarquismo (forte en Italia e España), a **expulsión de Bakunin** anque con acusacións sen probas. Este triunfo **significou a morte da Primeira internacional**.

En 1875 escribe a súa **última obra "Crítica ao programa de Gotha"**, publicado postumamente por Engels en 1981. Nela critica o programa que ese mesmo ano en Gotha redactaran os socialistas alemáns con motivo un congreso. Nesta crítica formula Marx con nitidez a súa teoría da "Ditadura do proletariado" ou necesidade de ocupación violenta do poder pola clase obreira como etapa previa para a instauración do comunismo.

Nos últimos anos da súa vida ocúpase case exclusivamente da súa saúde. Dende o 74 viaxa todos os veráns coa súa esposa para tomar as augas en Karlsbad, rexistrándose no

hotel coa profesión de "rentista"!. No verán do 81 viaxa con Jenny a París para despedirse das súas fillas, pois Jenny morre de cancro en decembro do mesmo ano, mentres Marx convalecía de pleuresía.. Para curarse estivo no inverno do 81 en Alxeria, en maio do 82 en Montecarlo, logo en "Enghien", xunto ao lago de Xenebra e en outono volveu a Londres para renovar os seus estudos. Durante o inverno empeorou, en febreiro do 83 presentóuselle un tumor no pulmón, resistiu ata marzo, pero o 14 de marzo, nun momento no que estaba so na cadeira morreu; o 5 de maio tería cumprido 65.

Tres días despois foi enterrado no cemiterio de Highgate, nel Engels pronunciou un discurso: "O mesmo que Darwin descubriu a lei da evolución da natureza orgánica, Marx descubriu aquela que rexe a historia humana". No enterro Engels engadiu ao seu discurso en privado "tamén o Moro morreu", alcume de Marx pola súa pel morena e pelo negro

Nun cuestionario que lle fixo unha das súas fillas retrátase a si mesmo Marx do seguinte xeito: calidades: simplicidade, forza, perseveranza, loita etc. Segundo James Guillaume tiña "actitude de soberano", era un home seguro de si mesmo que con facilidade trataba de imbéciles aos que non pensaban coma el. Cóntase que un día espetoulle a Paul Lafargue "eu non son un marxista" para protexer a súa doutrina da xerga teórica do seu xenro. A causa pola que loitou (dende o seu escrito de madurez no instituto) é "a humanidade: non son o bastante boi para dar as costas ás dores da humanidade. Pero era tamén implacable cos que se opoñían aos seus fins, na súa época da gaceta renana dicía "non hai nada máis fermoso no mundo que morder aos inimigos" (poema de Weerth). Tamén en outra ocasión cos compañeiros de redacción tras unhas botellas de viño levantou o dedo contra un dos seus amigos e dixo "voute destruír", tal como fará 30 anos despois contra Bakunin. Para el contaba máis a especie que o individuo, por iso adoitaba recibir con frialdade a noticia da morte de algún achegado (como facía Anaxágoras); o propio Engels estivo a punto de romper con el pola súa indiferenza ante a morte da súa primeira compañeira; só nunha ocasión se lle escapou un grito de dor ante a morte dun dos seus fillos. Foi indiferente ante a relixión, anque asistiu ocasionalmente a algunha cerimonia por conveniencias sociais. Do cristianismo salvou o amor aos nenos. O biógrafo F. Mehring fai un retrato devoto de Marx: "Recio, repoludo, cos seus ollos chispeantes e a súa melena de león...tardo en movementos...pouco práctico para as cousas pequenas e xenialmente práctico para as grandes; incapaz de levar un presuposto doméstico, pero capacidade incomparable para levantar e conducir un exército que habería de cambiar o mundo".

II.- OBRAS POR PERÍODOS

1.- Etapa de estudante en Berlín (36-40)

Tese doutoral "A diferenza entre a filosofía da natureza de Demócrito e Epicuro (1839-41): ateísmo humanista.

2.- Etapa de París (43-44)

- "*Crítica da filosofía do Estado de Hegel*" (1843): alienación política
- "*A cuestión xudía*" (1843-44): alienación política (religiosa e incluso económica)
- "*Manuscritos de Economía e Filosofía*" 1844 (pero inéditos ata 1932) inversión do sistema

Hegeliano: alienación económica.

- "*Contribución á crítica da filosofía do dereito de Hegel*" (1844): alienación relixiosa: ateísmo positivo.
- "*A sagrada familia ou crítica da crítica. Contra Bruno Bauer e consortes*", publicada en Frankfurt en 1845.

3.- Período de Bruxelas

- "*A ideoloxía alemá*", que primeiramente non se publicou por falta de editor, e logo publicada en Moscova en 1932 por David Riazanov a través do Instituto Marx-Engels-Lenin.
- "*Once teses sobre Feuerbach*" escrita en maio do 45 (27 anos), que Engels atopou nun carné e publicou en 1888.
- "*A miseria da filosofía*" en 1947 contra a obra do anarquista Proudhon "*Contradicións económicas ou filosofía da miseria*".
- "*Manifesto do partido comunista*" 1947
- "*Traballo asalariado e capital*", conferencia en Bruxelas dirixida aos obreiros alemán e publicada logo na Nova Gaceta Renana en Colonia en 1849.

4.- Última etapa de Londres

- "*Contribución á crítica da economía política*", publícase en fascículos en Berlín en 1859.
- "*O capital*", o primeiro volume publícase en 1867. Os volumes II e III quedaron sen publicar en vida de Marx. Será Engels quen ordene o material deixado por Marx e os publique en 1885 e 1894 respectivamente.
- "*Crítica ao programa de Gotha*", última das súas obras: escrita en 1875, pero publicada postumamente por Engels en 1981.

III.- OBRAS DE MARX QUE ENTRAN EN SELECTIVIDADE

- 1.- "*Manuscritos económico-filosóficos*" (1844), O texto fala do traballo alleado (alienado): alienación económica.
- 2.- "*A ideoloxía alemá*" (1845/46), O texto trata da crítica ao idealismo de Hegel e Feuerbach.
- 3.- "*Para a crítica da economía política*" (1859), prólogo. O texto refire os conceptos básicos do materialismo histórico.
- 4.- "*O Capital*", o texto fala da plusvalía absoluta e relativa

IV.- INTRODUCCIÓN

4.1.-¿QUE É O MARXISMO?

Non sempre se ten entendido o que Marx quixo dicir nas súas obras, por iso el mesmo chegou a dicir "eu non son marxista". Así pois adoita denominarse "marxianas" as teorías propias de Marx, e "marxistas" as teorías dos pensadores nos que él influíu. O marxismo é fundamentalmente a obra de Marx e Engels, pero tamén a dos seus seguidores ao longo do século XIX e XX.

Dentro dos seus seguidores podemos distinguir:

- a) ortodoxos: formados pola chamada „Escola dogmática ou "escolástica marxista" (Lenin, Stalin).
- b) críticos: Lukács, Gramsci e Bloch (intentan unha recuperación de Hegel e insisten na importancia da superestrutura) e a Escola de Frankfurt (Horkheimer, Adorno, Marcuse e Habermas) que adaptan o marxismo ao capitalismo industrial avanzado de finais do século XX.

O marxismo é unha corrente de pensamento de grande influencia durante a segunda metade do XIX e de todo o século XX. A súa significación é tripla:

1. Económico-sociolóxico: neste sentido é unha análise dunha realidade social: explotación do proletariado por parte da burguesía capitalista, crítica da economía política (liberalismo) e unha teoría da historia.
2. Política (praxe): é unha praxe ou acción política encamiñada á transformación social e económica: do sistema capitalista ao socialismo ou comunismo.
3. Crítico-filosófico: é unha crítica ao idealismo hegeliano e ao materialismo mecanicista de Feuerbach.

Para comprender esta tripla significación é necesario contextualizar a obra de Marx.

4.2.-CONTEXTO: mediados do século XIX

4.2.1.- CONTEXTO FILOSÓFICO

Considérase que a "filosofía contemporánea" comeza a mediados do século XIX ata os nosos días. Caracterízase pola diversidade de correntes, pero todas teñen en común que supoñen unha reacción contra a obra de Hegel.

a) **A corrente positivista**, que continúa a liña empirista do S. XVIII. Significa unha reacción contra Hegel porque este menosprecia a experiencia, e opóñense a toda especulación filosófica e defenden o "positivismo científico" como único modelo de saber (Comte S: XIX). Esta corrente continúa no S. XX coa corrente analítica da linguaxe (Wittgenstein), xa sexa analizando a linguaxe lóxica da ciencia: (Neopositivismo lóxico de Carnap e Ayer); o sexa analizando as linguaxes naturais (Filosofía analítica: Ryle).

b) **A corrente historicista e vitalista** que centra a súa atención sobre a historia (Dilthey) e/ou a vida (Nietzsche, Ortega e Bergson).

c) **A corrente fenomenolóxica (Husserl) e existencialista** que reacciona contra Hegel acentuando a individualidade da persoa e a existencia humana (Kierkegaard, Heidegger, Sartre).

d) **A corrente marxista**, que se sitúa dentro da esquerda Hegeliana e caracterízase porque acentúa o carácter "revolucionario" da "idea de dialéctica" de Hegel, anque criticando o idealismo dende o Materialismo.

4.2.2.- CONTEXTO SOCIAL

A filosofía de Marx é un intento de solucionar os problemas sociais do momento:

-A antiga nobreza latifundista é substituída pola Burguesía industrial capitalista. Esta convértese na clase dirixente explotadora do proletariado.

- Aparición dunha nova clase social: o PROLETARIADO: obreiros asalariados (o termo

proletario era usado na antiga Roma co significado de cidadán pobre).

-Apoxeo do CAPITALISMO INDUSTRIAL de libre competencia (entre 1830-1870), defendido polos teóricos da economía política inglesa (A. Smith, David Ricardo etc)

-Difusión da REVOLUCIÓN INDUSTRIAL INGLESA a Francia, Alemaña e EEUU

-Emigración ás cidades

-Condicións de traballo infrahumanas nas fábricas e nas minas: División do traballo, cadeas de produción.

-Horarios de traballo interminables (ata 14 horas): EXPLOTACIÓN de mulleres e nenos

1848: Revolucións sociais en Europa. „Manifesto Comunista“ de Marx e Engels

1864: Fundación da Asociación Internacional de Traballadores (AIT). Convención de Xenebra, fundación da Cruz Roxa Internacional

1865: Abolición da escravitude en EEUU

1866: Congreso Internacional Socialista

1888: Fundación da UXT

4.2.3.- CONTEXTO ECONÓMICO

Auxe da economía política inglesa. Esta avoga por unha mínima intervención do Estado na economía de libre competencia. Os economistas políticos cren que a economía de cada país autoregúlase automaticamente sen que o Estado interveña nela, producíndose así finalmente un "san equilibrio" segundo o procedemento da "man invisible" de Adam Smith.

5.- FONTES DAS QUE BEBE MARX

5.1.- Filosofía alemá da época (Hegel e Feuerbach)

Marx critica o idealismo de Hegel e defende o materialismo. Pero tamén critica o "materialismo mecanicista" de Feuerbach porque cre que este é no fondo outro idealismo, e por iso o materialismo de Marx non será mecanicista, senón "histórico".

5.2.- Economía política inglesa defensora do capitalismo

Os teóricos ou analistas do liberalismo clásico que xustifican o capitalismo son:

A.- Adam Smith: Considerado como o pai do liberalismo clásico.

- Oponse á intervención do Estado na vida económica: contra o mercantilismo anterior, no que o Estado regula e controla a economía. Por tanto, segundo Smith a economía autoregúlase segundo o procedemento da "man invisible" (sen intervención) producíndose un "san equilibrio", idea que Marx criticará.

-Avoga pola abolición das leis de pobres: entorpecen a mobilidade da man de obra

-A maior competencia, maior crecemento económico

- Introduciu a distinción entre valor de uso e valor de cambio dunha mercadoría.

B.- David Ricardo

- Precisou a teoría do valor-traballo que Marx acepta para crítica-la.

- Non está de acordo coas leis de cereais defendidas por Robert Maltus: ningún intervencionismo.

Todos eles influirán no darwinismo social de Herbert Spencer

Marx critica todos os teóricos da economía política capitalista e propón a economía marxista ou socialista.

5.3.- Socialismo "utópico" francés

Enfróntanse ás consecuencias da Revolución Industrial (explotación do proletariado) e propoñen un programa non revolucionario, senón de "reforma" social de carácter optimista. Marx denomínoa "socialismo utópico" por estar afastado da realidade e ser inacadable, e a el opón o seu "socialismo científico".

Representantes:

- a) Franceses: Saint-Simon, Fourier e Proudhon
- b) Inglés: Owen

6.- O SIGNIFICADO DA ALIENACIÓN EN MARX E AS SÚAS FORMAS

6.1.- O concepto de ideoloxía

Para entender correctamente o concepto de "alienación", é necesario aclarar previamente o significado de "ideoloxía" en Marx. Ambos están estreitamente ligados.

En xeral, o concepto de ideoloxía refírese ás ideas mediante as cales os homes representan a realidade (ideas filosóficas, políticas, económicas, relixiosas etc.)

Pero o concepto de ideoloxía **ten dous significados opostos**: un **positivo**, cando estas ideas reflicten fielmente a realidade; e **outro negativo**: cando as ideas non reflicten fielmente a realidade, senón que a reflicten de modo falso: cando falsean a realidade.

Marx fala de „ideoloxía“ nos dous sentidos, pero a maioría das veces na súa acepción negativa. Nesta acepción negativa significa un conxunto de „formacións nebulosas“ ou representacións FALSEADORAS da realidade e das condicións nas que se desenvolve a vida humana.

En resumo: Segundo Marx, as "formas ideolóxicas da conciencia" (ideoloxía) teñen a función de ocultar, desfigurar, falsear unha situación social e histórica dos seres humanos. Por tanto, cando as ideas dunha sociedade (filosofía, política, relixión etc) non reflicten fielmente a situación real, o home está "alienado": desposuído da súa propia esencia, desgarrado, truncado. Por iso, segundo Marx, é necesario descubrir ("filosofía da sospeita") as "representacións ideolóxicas" falseadoras da realidade para que así o home deixe de estar alienado e recupere a súa esencia. Na sociedade capitalista é a clase dominante a que utiliza a "ideoloxía" para confundir ao proletariado e defender así os seus propios intereses.

6.2.- O concepto de alienación

Etimoloxía do termo castelán „alienación“: ven do latín "aliud"="de outro" e significa converter en alio=de outro ("aliud") o propio.

Triple uso do termo en época de Marx:

- a) En sentido económico significou: transmisión de unha propiedade de unha persoa a outra.
 - b) En sentido xurídico: transferencia que o individuo fai á sociedade da súa liberdade (nos contratos sociais, Hobbes, Locke, Rousseau)
 - c) En sentido teolóxico: Acción pola que Deus crea e produce o mundo.
- Por tanto, vemos que en xeral „alienación“ significa transmisión, transferencia, perda de algo propio en favor de alguén ou algo distinto. Segundo Marx, supón pois dous elementos ou polos: un polo (suceso) que perde algo e é transferido ao outro polo (obxecto).

Antecedentes do concepto de alienación que inflúen no de Marx:

a) **Alienación en Hegel:** Na súa obra fundamental "Fenomenoloxía do Espírito", Hegel xa falaba de unha „**conciencia infeliz**“ que é a „alma alienada ou alleada“. Para Hegel, esta conciencia infeliz, o eu, pasa por un estado de alienación antes de volver a reconciliarse consigo mesma. O eu alienado é un sentimento de escisión, desunión, afastamento, desposuimento de si mesmo. Marx acepta o significado de alienación como fenda, desunión, afastamento, desposuimento, pero críticalle que Hegel tratou a alienación de forma idealista, abstracta, espiritual, non no mundo real, material.

b) **Alienación en Feuerbach:** Segundo Feuerbach a "alienación" do home **produciuse na relixión cristiá, na relación do home con Deus**: Historicamente entendeuse a Deus como un ser distinto, separado, que posúe de modo infinito as calidades e perfeccións finitas do home. Pero Feuerbach afirma que a orixe desta idea de Deus é a proxección externa que o home fai de si mesmo e da súa esencia. Segundo Feuerbach, esta alienación ten tres pasos: 1) O home proxecta fóra de si as calidades dun modo infinito. 2) Estas calidades son separadas da súa orixe: o home. 3) Considéranse como se fosen dun ser distinto e separado.

En definitiva: A alienación para Feuerbach significa un „desdobramento“ producido no home. Significa dúas cousas: a) o home pon a súa natureza fóra de si e b) servidume e sometemento a algo que despois lle resulta estraño.

6.3.- ALIENACIÓN EN MARX

O tema da alienación trátalo Marx en "Manuscritos de economía e filosofía" (1844)

- **Antropoloxía:** Humanismo marxiano: Para Marx **a esencia do home é a actividade produtora, práctica, en última instancia o TRABALLO**. Por tanto, o home é un "**homo faber**". Marx utiliza a idea de alienación de Hegel e Feuerbach, pero dándolle a volta: non de forma idealista (non de conceptos, de pensamentos), nin falando do "xénero humano" en abstracto coma Feuerbach, senón con carácter materialista, real: loita de clases na economía capitalista.

Vexamos isto por partes:

Segundo Marx, a esencia do home é a súa actividade produtiva, o TRABALLO. O traballo é unha transferencia dun polo (suceso) a outro (Obxecto). En detalle consiste en:

a) Unha exteriorización (Entäußerung): nela **acentúase o polo suxectivo-activo-productivo** (o home). Este concepto refírese a que o home é un ser activo, produtivo e **esta actividade consiste en saír fora de si e relacionarse** con algo distinto: **o obxecto**, a materia. Aquí o home **"desposúese" de algo de si mesmo: a súa actividade, a súa forza produtiva**.

b) Unha enaxenación (Veräußerung): agora **acentúase a transferencia cara o outro polo: o obxecto ou produto**. Aquello do que se desposúe o home (a súa actividade) **transfírese ao obxecto**, o home pon algo de si mesmo no obxecto. Por tanto, segundo Marx, **o obxecto de algunha maneira "pertencelle"** (é propiedade súa), é o "produto" da acción transformadora humana. Así pois, a esencia humana consiste en plasmarse no obxecto transformado por el: o produto. Ata aquí non hai nada de malo niso; ao contrario, é así como o ser humano se sente realizado: por exemplo, cando produce unha obra de arte,

ou simplemente calquera obxecto artesanalmente. Así ten sido o traballo nas sociedades pre-capitalistas, artesanais, onde o home produce os produtos na súa totalidade e séntese realizado porque deixa a súa pegada no produto.

c) A Alienación (Entfremdung)

Segundo Marx, a forma de concibir **o traballo corrómpese na sociedade capitalista, producíndose así a alienación.**

Na sociedade capitalista prodúcense **dous fenómenos que desvirtúan o traballo:**

a) A división do traballo: co cal o home non fabrica todo o produto, senón unha parte, e

b) mecanización do traballo (cadeas de produción): ademais o home produce sempre a mesma parte do produto de forma mecánica.

-Consecuencia: **o home non se realiza, non se sente plasmado no produto; o obxecto transformado polo traballador xa non lle pertence, non deixa a súa pegada no que fai.**

- Alienación: O traballo dividido e mecanizado do capitalismo industrial produce unha “fenda” na esencia humana, porque o resultado do seu traballo, da súa acción produtora lle resulta estraño: devén en propiedade de outro, aparece como algo independente de el. Esta maneira de entender o traballo constitúe unha alienación (Entfremdung) no sentido de Marx: a súa propiedade devén propiedade de outro (aliud).

- Alienación do produto e do produtor: Pero o alienado non é só o produto, senón fundamentalmente o produtor, o traballador, o proletario. A esencia do home é acción produtiva e esta plásmase no produto, e a desposuimento do produto implica a desposuimento da esencia do home: unha fenda, unha negación de si mesmo, unha desposuimento de si mesmo: o home non se sente realizado.

- Reificación, cousificación: Visto dende o outro polo, o produto (obxecto) resultado da acción produtiva convértese en independente, desvincúlase da relación co suxeito e considérase como "cousa" independente („res“ en latín). Así, o produtor, o traballador tamén se converte en "cousa", por tanto, "reifícase" ou "cousifícase". En consecuencia o ser humano deshumanízase, devén MERCADORÍA: un obxecto, unha "cousa" máis.

Así pois, a alienación significa a negación da esencia do home, a **deshumanización**.

- **Eliminación da alienación**: Pero Marx cre que a alienación económica non é algo que teña que ocorrer necesariamente, nen é acorde coa esencia humana, senón que é consecuencia dun determinado modo de entender e organizar as „relacións de produción“ na "sociedade capitalista". Esta **non é unha situación natural, senón histórica**; por iso a filosofía de Marx trata de descubrir as leis da historia ("historicismo" criticado por Popper) que conducen á **eliminación da alienación do home, para re-humanizalo. Isto producirase na sociedade comunista.**

6.4.- FORMAS DE ALIENACIÓN EN MARX

A)Alienación económica: Esta é o tipo de alienación fundamental, que dá orixe a todas as demais clases de alienacións. Refírese á alienación que se produce no traballo da sociedade

capitalista tal como vimos. O traballo é a esencia do home, é dicir, o home síntese como tal cando se realiza mediante o traballo. Pero na sociedade capitalista o traballo desvirtúase producindo unha fenda que deshumaniza ao home: a) o produto élle arrebatado, devén "de outro", do capitalista e b) pero como a esencia do home é o seu traballo, desposuído do produto do seu traballo é desposuído de si mesmo: a súa propia esencia como home élle arrebatada.

Por tanto, na economía capitalista o traballo e o propio traballador están alienados. Isto débese á existencia da "propiedade privada" dos medios de produción que está só en mans dunha clase explotadora: os capitalistas burgueses.

O capitalismo apóiase pois na existencia da propiedade privada. Por iso, **para suprimir a alienación económica é necesario eliminar a propiedade privada e construír un sistema no que a propiedade dos medios de produción sexa, non privada, senón "común" ou "colectiva": o comunismo.**

b)Alienación social

A alienación económica produce a alienación social. Ao home élle arrebatada a propiedade sobre o produto do seu traballo. Por iso el sistema capitalista orixina a división da humanidade en dúas clases sociais: os "propietarios dos medios de produción" (capitalistas burgueses os ricos) que explotan a "os non propietarios" (proletariado, traballadores ou pobres desposuídos).

Segundo Marx, **o home é un ser social** (zoom politikón): é o conxunto de relacións con outros homes. Pero **na sociedade capitalista vese obrigado a separarse do conxunto de relacións cos outros homes**: os outros aparecen como o seu oposto e por iso **crea una "esfera privada"** oposta ao conxunto de relacións cos outros homes: **rómpanse as relacións entre os homes e nisto consiste a alienación social. Tanto os capitalistas como os proletarios están alienados, anque de forma inversa**: no proletario a alienación é unha actividade, no capitalista é un estado (está separado dos demais polo seu afán irrefreable de aumentar o seu capital).

-**Concepto de "Clase social"**: Unha clase social **defínese recorrendo ao concepto de propiedade privada**. Na sociedade existen dúas clases sociais segundo o lugar que ocupan no proceso de produción: **propietarios ou non propietarios dos medios de produción**: explotadores e explotados.

- **Conciencia de clase**: Unha clase social só se constitúe como tal cando os individuos **adquiren "conciencia de clase"**; só desta forma a clase adquire significación política para transformar a sociedade. **Marx pretende que a clase social do proletariado adquira esta conciencia para que se produza a "loita de clases"**: como di no "Manifesto comunista" "proletarios do mundo unídevos".

-**Loita de clases**: "a historia da sociedade tal como existiu ata agora é a historia da loita de clases" **pero nunca se tivo conciencia clara de iso**. Por iso o que Marx pretende é **agudizar este enfrontamento mediante a conciencia de clase para que se produza a "revolución" e a continuación unha etapa de transición: a "ditadura do proletariado"** para acelerar as "leis do proceso histórico" que **conducen ao socialismo ou comunismo**.

-**A sociedade comunista**: No socialismo, ao existir unha única clase social, **o home deixa de**

estar alienado socialmente, pois **recupera o seu ser social**: recupera as relacións cos demais homes e deixa de necesitar unha "esfera privada" que se opoña ao seu ser social. A sociedade comunista, ao eliminar a existencia de clases sociais, suprime pois a alienación social.

c)Alienación política

Marx oponse a Hegel, quen defendía o Estado como algo externo e superior á sociedade civil, producíndose así unha "**ruptura**" ou "**fenda**" entre **sociedade civil (esfera social) e Estado (esfera política)**. Marx cre que para reconstruír a unidade entre ambas esferas hai que suprimir o Estado e chegar a unha sociedade civil sin Estado, "democrática" e laica.

A alienación política consiste, pois, en que o home perde a súa dimensión civil real e vese supeditado a algo externo e superior irreal: o Estado.

O Estado preséntase como a unidade superior común a todos, pero no fondo está ao servizo da clase dominante. O dereito é tamén un simple aparato decorativo do poder, e instrumento da clase dominante. Ambos son "ideoloxía".

d)Alienación relixiosa

Marx acepta a crítica de Feuerbach da relixión como proxección ou creación do ser humano, pero cre que é insuficiente dende o punto de vista práctico. Non abonda con negala na teoría, senón que é necesario suprimila na práctica. Do ateísmo negativo de Feuerbach, pasa Marx ao ateísmo positivo.

Segundo Marx, **a alienación relixiosa ten a súa causa** en algo anterior: **a alienación económica: a miseria económica**. Por iso **para chegar ao ateísmo positivo, é necesario eliminar a situación de miseria real, material, que é a causa de que exista a relixión: "a relixión é o suspiro da criatura oprimida"**.

A situación de **miseria económica é a que fai que o home suspire por unha ilusoria felicidade ultraterrea**. A relixión, pois, "amortece", "adormece" as desgracias presentes. Por iso **Marx proclama "A relixión é o opio do pobo"**, a "droga" que necesita contra a miseria económica. Eliminando a miseria material, desaparecerá a relixión. **Lenin substituirá este lema polo de "a relixión é o opio para o pobo"**, acentuando máis a maldade da clase dominante que a utiliza como instrumento (ideoloxía) para defender os seus intereses.

Marx cre que a crítica da relixión é a condición de toda crítica. Isto significa que a relixión impide ao home considerar a explotación económica como mal supremo, porque crea a ilusión de felicidade no máis alá, esquecendo a miseria do máis acá. Por iso **a relixión é „ideolóxica“**, pois a liberación que propón non é neste mundo nin consiste na transformación social, por iso é un instrumento ao servizo da clase dominante para xustificar a explotación. **A relixión promove a „resignación“, e por elo é unha „xustificación transcendente da inxustiza social“, compensación no ceo pola opresión na terra“ etc.**

e) Alienación filosófica

Marx afirma que **a filosofía idealista do seu tempo é un sucedáneo da relixión**, por iso debe ser sometida a unha **crítica semellante á da relixión**. Marx critica a filosofía idealista alemá nas súas obras "Manuscritos de economía e filosofía", "A sagrada familia" e "A ideoloxía alemá" e especialmente en "Contribucións á filosofía do dereito de Hegel" Marx di: **"os alemáns teñen pensado o que outras nacións teñen feito"**; mentres os franceses teñen feito a

revolución, os alemáns de Kant a Hegel contentáronse con pensala.

O núcleo da crítica de Marx á filosofía idealista alemá é que ten sido exclusivamente "teoría", abstracción, ideas sobre a realidade. Por iso a filosofía debe ser superada e isto conséguese levándoa á práctica (praxe): transformando (revolucionando) a realidade.

Para Marx a teoría non debe estar desconectada da praxe: a verdadeira filosofía é aquela que transforma a realidade.

Cando a filosofía é só teoría, entón constitúe unha "alienación" da esencia do home, pois, como se dixou, a esencia do home non é teorizar, senón realizarse naquelo que produce (mediante o traballo) e relacionándose cos demais homes. O home, mediante o traballo, é un ser orientado á praxe: relación do home coa natureza e dos homes entre si. Por tanto, se a filosofía alemá idealista non fai senón teoría desvinculada da práctica, a filosofía "aliena" ao home: perda de si mesmo, da súa propia esencia.

Deste modo, Marx comeza criticando o "idealismo" de Hegel inverténdoo e facendo del un "materialismo" tal como fixo Feuerbach, pero remata criticando tamén o materialismo de Feuerbach por ser "estático" e "teórico" "mecanicista" (fora da historia) substituíndoo polo "materialismo histórico".

Dise pois que **con Marx se produce unha "segunda revolución copernicana": a filosofía deixa de ser "coñecemento" da realidade e convértese en "transformación" da realidade (mediante a praxe revolucionaria). Con Marx, da verdade como "adecuación" pásase á verdade como "transformación". Por iso di Marx na súa famosa tese 11 sobre Feuerbach: "Os filósofos no fixeron máis ca interpretar o mundo de diversos modos (teoría), do que se trata é de transformalo (praxe revolucionaria). Se a filosofía se leva á práctica, entón deixará de ser unha filosofía alienada.**

7.- CRÍTICA DE MARX Á FILOSOFÍA DE HEGEL E FEUERBACH

A filosofía de Hegel é tan escura que xerou dúas correntes opostas de seguidores:

a) **Dereita Hegeliana:** Bruno Bauer, Erdman, etc.: que son conservadores en relixión e política: por defender o cristianismo e a idea de "Estado" como un "sistema cerrado e acabado" intransformable de Hegel.

b) **Esquerda Hegeliana:** Feuerbach e Marx, son revolucionarios en relixión e política: ao criticar o cristianismo e a idea de Estado como "sistema" cerrado e intocable de Hegel, facendo fincapé na idea hegeliana de "dialéctica" como motor do cambio, transformación social. Os hegelianos de esquerda serán criticados por Marx na súa obra "A sagrada familia".

7.1.- Crítica de Marx ao idealismo de Hegel: Contra o idealismo de Hegel opón Marx o materialismo: **o negativo da filosofía de Hegel é a idea de SISTEMA pechado e acabado que xustifica unha postura conservadora en política e relixión. O positivo, en cambio, é a idea de DIALÉCTICA como dinamismo e movemento, superación de contradicións (tese-antítese-síntese), pero Marx dálle a volta e enténdea en clave materialista: loita de clases sociais (tese:capitalistas, antítese:proletarios, síntese: superación mediante o socialismo). Segundo Marx, a idea hegeliana de dialéctica xustificaría, pois, unha postura revolucionaria en política e relixión.**

En resumo: O Idealismo de Hegel consiste en:

- A realidade é idea, razón, espírito
- A idea, en canto suxeito, rexe e determina e ata orixina ao obxecto, a realidade. Isto implica primacía do suxeito fronte ao obxecto, ou o que é o mesmo, primacía do espírito

fronte á natureza.

- A realidade é un sistema racional absoluto e acabado.

a)Críticas de Marx:

1. Segundo Hegel, a esencia humana é razón, idea, espírito (autoconsciencia). Para Marx o home é produción, praxe.
2. Para Hegel a Historia é un reflexo do espírito e consiste no "desenvolvemento" dunha „liberdade espiritual“ cuxo cumio é o Estado prusiano no que se plasma a consumación da liberdade. Para Marx esta comprensión da historia é errónea: „é unha acción imaxinaria de suxeitos imaxinarios“. Para Marx a historia non é a historia do "espírito" senón da "materia": a economía.
3. Logo para Hegel a estruturación social e política e a vida do home é racional, coincide cos principios da razón e permite a realización plena do individuo no Estado prusiano. Pero Marx non está de acordo con isto: o proletariado existe como clase oprimida e isto non é "racional", por tanto contradí esa suposta razón e a realización do individuo. O proletariado supón unha contradición e negación da teoría de Hegel.
4. A filosofía de Hegel é teoría: límitase a analizar ideas do xa pasado, pero non propón solucións aos problemas reais para o futuro, por iso di Hegel „a curuxa de minerva emprende o voo ao atardecer“ (a filosofía é unha teoría sobre os feitos xa ocorridos). Segundo Marx o saber, tal e como o entende Hegel, é mera teoría (contemplación) e así entendida é „ideoloxía“. Para Marx o saber consiste fundamentalmente en levar as ideas á práctica (praxe), é necesaria a teoría para analizar os problemas, pero o fundamental é actuar (praxe): de novo **Tese 11 sobre Feuerbach**: "os filósofos dedicáronse a interpretar o mundo, pero do que se trata é de transformalo".

b)Eloxio de Marx a Hegel: o positivo da filosofía de Hegel

A idea de "dialéctica" de Hegel segundo a cal a realidade avanza superando contradicións (tese-antítese-síntese) **é aproveitable como base do materialismo histórico sempre e cando se entenda correctamente: a superación de contrarios non se produce entre "ideas" como di Hegel (idealismo), senón que a superación de contrarios debe ser material, real: entre clases sociais.** A contradición capitalistas-proletarios debe ser superada coa eliminación das clases no comunismo.

Por iso, segundo Marx **a frase de Hegel „todo o real é racional e todo o que é racional é real“ encerra un lado crítico, práctico e revolucionario**: se hai algo na realidade (a realidade social e política) que non é racional, entón hai que transformalo en racional: a explotación do proletariado non é racional, logo é necesario transformar a realidade mediante a revolución.

7.2.-Crítica de Marx ao "materialismo mecanicista" de Feuerbach:

Segundo Marx, o "materialismo mecanicista" de Feuerbach **é no fondo un "idealismo soterrado"**, por iso Marx lle opón o "materialismo histórico": **Feuerbach fala do home en abstracto fóra da historia, pero Marx considera que isto é unha abstracción idealista: a filosofía debe estudar ao home en concreto: na "historia"**: o proletario explotado polo capitalista no século XIX. Por iso a filosofía de Marx é un "materialismo histórico".

Tras a obra de Hegel, Feuerbach escribiu a súa famosa „A esencia do cristianismo“. Ao tempo, afirma Marx, todos nos volvemos feuerbachianos. Pero isto durou moi pouco tempo, pois Feuerbach foi criticado por Marx en tres puntos fundamentais:

-Críticas de Marx:

- **Ao mecanicismo:** ao ser mecanicista, **o materialismo de Feuerbach non inclúe a idea de historia**. Polo tanto, este materialismo é incapaz de concibir o mundo como un "proceso", como unha materia suxeita a "desenvolvemento histórico", senón que como ocorre con calquera máquina, non existe evolución.

Como consecuencia disto, **o home é interpretado como un „obxecto sensible“**, un ser non activo-práctico, senón **só teórico ou contemplativo**. É un materialismo contemplativo ou „teórico“ (1ª tese sobre Feuerbach).

- **Por ser unha alternativa insuficiente ao idealismo:** Segundo Marx, **a crítica de Feuerbach ao cristianismo é insuficiente**. Feuerbach en „A esencia do cristianismo“ di que non é Deus quen creou ao home, senón o home quen creou a Deus proxectando as súas imperfeccións sobre un ser que posúe todas as perfeccións. O que fai Feuerbach é reducir o mundo relixioso ao mundo terreal e descubrir que **Deus non é máis ca unha proxección que o ser humano fai de si mesmo**.

Pero Marx critica a Feuerbach (4ª tese sobre Feuerbach) **porque a pesares de „baixar“ o mundo relixioso ao terreal, aínda conserva o sentimento relixioso**, pois para Feuerbach, anque é o home quen proxectou a idea de Deus, sen embargo a esencia humana, aquilo que nos distingue dos animais, é precisamente iso: a necesidade que o home ten do sentimento relixioso.

Sen embargo, **para Marx con „baixar“ o mundo relixioso ao terreal aínda non fixo máis que comezar a crítica:** isto é só un ateísmo negativo que nega a idea de Deus como ser externo ao home, pero Marx cre que o ateísmo debe ser positivo: hai que levalo á práctica. **Suprimindo positivamente a relixión e isto farase "descubriendo" que é "ideoloxía", que falsea a realidade prometendo ao home a felicidade no máis alá e impedíndolle ver que está alienado, explotado.**

- Por ser no fondo un idealismo soterrado: Segundo Marx o materialismo de Feuerbach **é un idealismo** nun dobre aspecto:

- a) Debido ao seu **método abstracto** de proceder, que **prescinde da historia e da interna relación social do home**.
- b) Porque admite unha **esencia humana xenérica, a esencia non é do home histórico de carne e oso, senón do "xénero humano"**. Pero o xénero humano é unha abstracción, unha idea.

Segundo Marx, o ser humano, tal como o entende Feuerbach, é un ser abstracto, independente e separado das relacións sociais nas que vive e da historia „non vive no mundo real“, é un ser ideal.

Este idealismo soterrado exprésase na conservación da relixión, que agora consiste na relación de cada home concreto co xénero humano“.

Tanto o idealismo de Hegel como o materialismo de Feuerbach deben ser transformados e superados.

8.- FILOSOFÍA DE MARX: O MATERIALISMO HISTÓRICO

É a filosofía de Marx. **Fronte ao socialismo "utópico" francés, o materialismo histórico pretende ser un socialismo "científico"**, unha teoría científica sobre a historia e a sociedade humana. **Así como Galileo creou unha nova ciencia**, tamén Marx pretende facen da historia unha nova ciencia.

Segundo Marx, a **Historia non é unha colección de feitos mortos, como o é para os empiristas, nin unha „acción imaxinara de suxeitos imaxinarios, segundo a interpretou o idealismo (Hegel), senón unha sucesión dos diferentes MODOS DE PRODUCCIÓN.** Os distintos modos de produción ao longo da historia foron:

- O asiático
- O antigo (libres-escravos)
- O feudal (señores-servos)
- O burgués moderno (burgueses-proletarios)
- O comunista (sociedade sin clases)

Esta ciencia que a historia é consiste pois na sucesión destes modos de produción. **Todo "modo de produción" se corresponde cunha "formación social"** (unha división en clases sociais antagónicas (salvo no comunismo)

-A **idea central do „materialismo histórico“** é que non son as „ideas“ as que dirixen a historia, senón a produción material (económica). A materia, **a economía de unha determinada sociedade determina o tipo de ideas desa sociedade.**

TERMINOLOXÍA "CIENTÍFICA" MARXIANA:

1.- **Modo de produción:** a unha determinada sociedade histórica Marx chámalle "modo de produción". Un modo de produción é unha totalidade orgánica que comprende:

1.1.-**Infraestrutura económica** ou „**base material**“ dese modo de produción. A infraestrutura componse de:

- A).-**Forzas produtivas:** 1)**Medios de produción** (Instrumentos, máquinas, materias primas...)
2)**Produtores** (enerxía humana, forza de traballo)

B)-**Relacións de produción:** Non se refiren ás simples relacións humanas, senón ás que se establecen no proceso de produción **entre os propietarios dos medios de produción (capitalistas, patróns) e os que non son propietarios (proletarios, obreiros)**

En toda sociedade clasista estas relacións de produción son entre explotadores e explotados.

1.2.-**Superestrutura ideolóxica** dese modo de produción. A superestrutura componse de:

A)**Superestrutura xurídico-política:** Estado, dereito etc.

A institución máis importante dentro da estrutura xurídico-política é **o Estado**. Para Marx o Estado é **instrumento de dominio das clases dominantes sobre as dominadas** coa finalidade de que as primeiras manteñan a súa situación de privilexio.

B)**Superestrutura ideolóxica:** Marx utiliza o termo en **dous sentidos:**

-**Positivo:** para referirse en xeral ás distintas formas de conciencia (pensamento) da superestrutura (filosofía, moral, ...). Conxunto de ideas ou crenzas relixiosas, filosóficas, morais... que configuran a conciencia social.

- **Negativo ou pexorativo:** significa unha **representación deformada, falseada da realidade para favorecer os intereses de clase**. Este falso coñecemento é utilizado pola clase dominante para perpetuar a dominación. Este é o significado máis utilizado por Marx.

A tese básica do materialismo histórico: afirma que en cada época histórica a infraestrutura económica determina e condiciona a superestrutura ideolóxica, é dicir, a produción da vida material condiciona a produción espiritual e non ao revés (como pensaría Hegel). Entre ambas existe unha relación biunívoca ou dialéctica (ambas se inflúen mutuamente), pero a economía é a determinante en última instancia.

-Cambio histórico: prodúcese por unha contradición entre as forzas produtivas e as relacións de produción. Como as "forzas produtivas" (especialmente os "medios de produción": técnica, máquinas) avanza máis de presa, chega un momento no que as "relacións de produción" se convirten en "trabas" para o seu desenvolvemento, quédanse obsoletas. Neste momento, prodúcese un cambio dun modo de produción a outro (exemplo: modo feudal-modo capitalista) e de unha "formación social" (señores feudais-servos) pásase a outra (capitalistas burgueses-proletariado). **Por exemplo:** a aparición de maquinaria durante a época moderna (novos medios de produción) produce unha contradición entre as forzas produtivas (novos medios de produción) e as relacións de produción (relación entre o antigo terratenente nobre e o servo), as vellas relacións de produción quedan obsoletas, convértense en trabas e prodúcese un cambio: a vella formación social (Nobreza-servos) substitúese por unha nova (burguesía-proletariado).

Todo "modo de produción" correspóndese cunha determinada "**formación social**" composta por dúas clases: explotadores e explotados.

-A clase social defínese en función da "**propiedade privada**" ou non dos medios de produción. En cada modo de produción existen dúas clases antagónicas de explotadores e explotados.

-A loita de clases é o "**motor da historia**". Para Marx, o "**cambio social**" realízase mediante a loita de clases. Por tanto a loita de clases é o "motor da historia", o que fai pasar dunha formación social a outra ata que se chegue a unha sociedade sin clases, que é o momento último da historia. A sociedade sin clases, a sociedade comunista á que se dirixe a historia (acelerada pola acción do proletariado) acabará coas alienacións e permitirá a realización plena do ser humano.

-Revolución do proletariado: A historia avanza de maneira "dialéctica" (en sentido materialista, non idealista como en Hegel): entre as clases antagónicas prodúcese unha loita (tese: capitalistas; antítese: proletariado). Esta contradición debe ser "superada" nunha síntese (comunismo: sociedade sin clases). **Na sociedade capitalista a clase proletaria tende a facerse máis numerosa e máis pobre.** "O proletario faise máis pobre canta máis riqueza produce", por iso conclúe Marx "**a burguesía produce os seus propios sepultureiros**": o proletariado. "**O capitalismo leva dentro de si o xerme da súa propia destrución**". Cando o proletariado adquire "conciencia de clase" prodúcese a "revolución": pois a aniquilación da burguesía por medio da súa "antítese", o proletariado, non pode realizarse en forma de transición, senón mediante un "salto" unha "revolución".

-Ditadura do proletariado: O "salto" á sociedade comunista non pode producirse instantaneamente. Antes de chegar á sociedade comunista é necesaria, segundo Marx, unha

etapa de "transición": a ditadura do proletariado. Nesta etapa, **o proletariado converterase en "clase dominante"**, tomará nas súas mans a dominación política para expropiar o capital á burguesía e **centralizará os "medios de produción" poñéndoos en mans do Estado**.

-O Estado: O "Estado" **debe ser abolido trala fase de Ditadura do proletariado**. Esta abolición **non significa que Marx sexa "anarquista"**: o que debe ser abolido é o Estado entendido como algo separado da "sociedade civil" (alienación política): **Marx ten como modelo a Comuna de París**. O que Marx propón é unha transformación dialéctica do Estado: **o Estado debe estar subordinado á sociedade civil e non ao revés**, coma en Hegel.

-Sociedade comunista: Marx fala da sociedade comunista en dous lugares:

a) No seu escrito de xuventude **"Manuscritos de Economía e Filosofía (1844):** aquí Marx **contrapón o seu comunismo fronte ao "comunismo basto ou primitivo"**: que afirma que todos os homes deben ter exactamente a mesma participación na propiedade privada. Nel a "comunidade" convértese en capitalista, pero **non se nega a propiedade privada**. Marx, en cambio, propón a erradicación da propiedade privada.

b) Na "Ideoloxía alemá" (1845) e na "Crítica ao programa de Gotha" (1875).

-No **"Programa de Gotha"** (contra Lasalle: dirixente do partido socialdemócrata alemán) di que o comunismo esixirá **"de cada un segundo as súas capacidades" e outorgará " a cada un segundo as súas necesidades"**: non se trata pois dun comunismo primitivo que homoxeiniza a todos os homes.

- Na sociedade comunista **non existirá a "división do traballo"**: substituirase o obreiro de hoxe polo individuo desenvolvido na súa totalidade, apto para diversos traballos". **Non se distinguirá entre traballo manual e intelectual, nin entre traballo agrícola e industrial** (campo-cidade). Na "Ideoloxía alemá" di **"o home é cazador, pescador, pastor ou crítico crítico....na sociedade comunista o home non ten acoutado ningún círculo de actividades...fai posible que eu poda dedicarme hoxe a isto e mañá a aquilo"**.

- **Engels:** Ao aparecer a propiedade privada orixínase a familia e a muller pasa a ser **propiedade do varón**: está alienada. **A liberación da muller prodúcese na sociedade comunista que elimina toda alienación**: trátase de eliminar a teoría das tres K (Kirche, Küche, Kinder: Igrexa, cociña, nenos)

-Críticas ao materialismo histórico

a) **Crítica de Max Weber** (en "A ética protestante e o espírito do capitalismo" 1905). Max Weber **cre que a tese fundamental do materialismo histórico: que a infraestrutura "determina" a superestrutura; non é certa**. Weber **demostra que a ética protestante** (algo pertencente á superestrutura: ideas) é a que determinou que nos países nos que dominou esta ética (Alemaña, Suíza, Holanda etc.) se desenvolvese a prosperidade económica (infraestrutura): **logo a superestrutura tamén pode determinar a infraestrutura**.

b) **Crítica de Karl Popper ao "historicismo" de Marx**. Segundo Popper na obra "A sociedade aberta e os seus inimigos" 1945 **na teoría de Marx existe unha contradición**. Por un lado, o materialismo histórico de Marx **pretende converter á "historia" nunha "ciencia" que se rexe por "leis" independentes da vontade dos homes**; a isto Popper **chámalle "Historicismo"**.

Pero, por outro lado, a teoría de Marx **támén afirma que o home debe rebelarse contra as inxustizas, o cal supón a súa liberdade**; a isto chámalle **aspecto ético** de Marx . **Popper cre que debe criticarse o historicismo de Marx e aceptarse o seu aspecto ético**; por tanto, está en contra do comunismo e a favor dunha sociedade "aberta" democrática. **O marxismo** pretende dar unha solución definitiva a todos os problemas da sociedade, pero isto **conduce a unha sociedade "totalitaria"** como se demostrou na Unión Soviética. **Popper defende unha sociedade "aberta" democrática** na que todos os individuos participen solucionando problemas parciais e facendo da sociedade capitalista do século XX (Inglaterra) a sociedade menos mala.

9.-A CRÍTICA DA ECONOMÍA POLÍTICA CAPITALISTA

ANÁLISE DA MERCADORÍA ("O capital")

Marx non só formula unha teoría científica sobre a evolución dos distintos modos de produción (materialismo histórico), senón que ademais **realiza unha análise científica do modo de produción capitalista**. Isto reflíctese en „*O Capital*“; esta obra é, ao mesmo tempo:

- a) Unha crítica da economía política, dos economistas clásicos ingleses, pois as súas interpretacións apoiaban os intereses da clase burguesa.
- b) Unha crítica do capitalismo como sistema de explotación.

O capitalismo é un sistema de produción de mercadorías. A mercadoría é un produto intercambiable no mercado. Toda mercadoría ten dúas caras:

1)**Valor de uso**: Utilidade que ten unha mercadoría en función das súas propiedades para satisfacer determinadas necesidades a través do consumo.

2)**Valor de cambio**: Valor que ten o produto cando se cambia por diñeiro ou por outra mercadoría.

Na economía capitalista o valor maniféstase fundamentalmente a través do **valor de cambio**. De que depende o valor? ¿Cal é a fonte ou causa do valor? Non tanto o valor de uso. Exemplo: o ferro, o millo, etc. teñen un valor de uso, pero este non depende tanto das súas propiedades naturais coma de axentes externos como a lei da oferta e a demanda= valor de cambio. Por tanto, o valor fundamental dunha mercadoría no capitalismo é o "valor de cambio".

3)**Teoría do valor-traballo**: Marx acepta dos economistas liberais ingleses a teoría do valor-traballo e **define o valor dunha mercadoría tomando como medida o tempo de traballo**: o valor dunha mercadoría é o "tempo de traballo socialmente necesario para producilas". Esta é a afirmación fundamental da teoría valor-traballo, **que Marx toma de Ricardo e Adam Smith**. O traballo enténdese nun sentido abstracto como medida do gasto de enerxía.

4) **Plusvalía**: En „*O Capital*“ Marx intenta explicar a procedencia das ganancias do capitalista. En xeral Marx sostén que o capitalista vende a mercadoría polo que vale: o tempo de traballo socialmente necesario para producilas. De onde provén a ganancia entón?

Marx resolve este aparente paradoxo da seguinte maneira. Distingue entre:

a) **Capital constante:** Maquinaria, materias primas..

b) **Capital variable:** Forza de traballo (diñeiro que se inverte na fábrica)

O traballador vende a súa forza de traballo como unha mercadoría máis. O seu valor será igual ao de outra mercadoría: "tempo de traballo socialmente necesario para produci-la"; isto significa: tempo de traballo necesario para producir as mercadorías que o traballador necesita para subsistir, para cubrir as súas "necesidades primarias": vestido, comida, vivenda. Pero as condicións da produción industrial fan que o traballador produza moito máis do que necesita para cubrir o coste da súa existencia. De aquí dedúcese que o traballador necesitaría só unha parte da xornada de traballo para producir o que corresponde ao valor da súa forza de traballo. Por exemplo: se un obreiro produce durante a súa xornada (de ata 14 horas) 14 prendas de vestir, en 8 horas produce 7 prendas que son suficientes para cubrir o custo do seu salario de subsistencia: o diñeiro xusto para cubrir as súas necesidades básicas, pois os salarios son paupérrimos. O que produce de máis, é plusvalía. Esta é a orixe da ganancia do capitalista, e, segundo Marx, o trazo típico da explotación do sistema capitalista.

En termos técnicos, Marx define a plusvalía que xera o obreiro como a proporción entre traballo necesario (para cubrir o seu custo) e traballo excedente.

5)Contradicións do capitalismo: Segundo Marx, o sistema capitalista leva unha contradición no seu interior: **a finalidade do capitalismo non é satisfacer necesidades, senón producir ganancias (plusvalías), pero, pola contra, a tendencia estrutural do capitalismo conduce á diminución das ganancias** (lei da tendencia decrecente da cota de ganancia). Vexamos isto con algún detalle:

A lei interna do capitalismo é acumular máis e máis capital. Por tanto o capitalista inverte o seu diñeiro nun momento favorable de pouca competencia en determinado negocio que dá moitas ganancias. Axiña os demais capitalistas fan o mesmo. Isto fai que a ganancia de todos eles diminúa ao aumentar a competencia: todos tratan de producir máis barato. Para poder competir aumentan os gastos de "capital constante" (modernización da tecnoloxía: medios de produción), que agora debe amortizar antes de comezar a gañar. Por outro lado, o capitalista diminúe o "capital variable" (obreiros). Pero resulta que os obreiros son os únicos que xeran plusvalía (ganancias). Para compensar a perda de ganancias baixa os soldos e aumenta a xornada de traballo. Outro modo de compensar as perdas é usando máis intensamente a maquinaria, usándoa as 24 horas distribuindo o traballo por quendas. Pero isto é algo que tarde ou cedo farán os seus competidores, co cal a contradición segue en pé: a tendencia a aumentar as ganancias vese contrarrestada pola tendencia estrutural do capitalismo a diminuílas.

Ademais, se os obreiros se quedan sen traballo, non hai diñeiro para o consumo. **Isto entra nunha espiral de crise, e moitos capitalistas van á quebra engrosando o "exercito de desposuídos".**

O propio capitalista non pode desfrutar da súa riqueza posto que ten que invertela se non quere ir á quebra e engrosar a clase dos proletarios.

6)Crises periódicas de superprodución no capitalismo: Segundo Marx **o capitalismo é un sistema anárquico**. Nas formas de **economía pre-capitalistas** a produción de mercadorías está "regulada" polas necesidades existentes (non é anárquico): **prodúcese o que se vai a consumir**. Pero **o capitalismo** está suxeito a moi poucas regras, pois o **mercado non está regulado polo consumo**. A súa tendencia é aumentar as ganancias e debido ao avance

tecnolóxico fai posible que se acade un **gran volume de superproducción que conduce a "crises periódicas de superproducción"**: cando o mercado non pode absorber os produtos. Xérase así un círculo vicioso: caen as ganancias, logo diminúe a inversión, como consecuencia aumenta o despido, isto xera unha diminución da capacidade adquisitiva, outra diminución da ganancia e así sucesivamente ata que o desemprego aumentou tanto e os salarios descenderon ata tal punto que se dan outra vez as condicións para aumentar as ganancias. As crises do sistema capitalista son periódicas e é un mecanismo regulador que permite ao sistema sobrevivir: **tras unha crise centralízase o capital en poucas mans**.

7) **Tese de pauperización**: Mentras que a **clase capitalista acumula cada vez máis riqueza, os salarios da clase obreira non poden subir nunca moito máis arriba do nivel de subsistencia**. Segundo Marx, o capitalismo **necesita que haxa un número de parados crónicos: o "exército de reserva" ou "excedente relativo de poboación"** como Marx o chama. Este exército de reserva está formado por obreiros que se fixeron innecesarios a causa da mecanización e a súa función é manter os salarios baixos. En tempos de prosperidade parte deste exército é absorbido pola industria para manter baixos os salarios. En tempos de crise é un recurso sempre dispoñible para o capitalista contra os intentos do proletariado de mellorar as súas condicións laborais (sempre haberá outro para o teu posto de traballo). **Este exército de reserva, anque sofre vaivéns, aumenta sempre de modo relativo. Por tanto, o capitalismo está suxeito á lei de aumento constante de pobreza**.

8) **O capital tende a concentrarse e centralizarse**: Cada capitalista acumula ou concentra o capital. Pero **o capital dos distintos capitalistas tende tamén a centralizarse formando grandes empresas** (hoxe multinacionais) que levan á quebra ás pequenas.

A banca contribúe a centralizar o capital e **incluso os bancos tenden a fusionarse**. O resultado deste proceso é un **xigantesco proceso de centralización de capitais**.

Tamén as **"sociedades anónimas" centralizan o capital dos socios**. Por iso Marx supón que a "sociedade anónima" representa o último paso do capitalismo que conducirá á súa disolución.

O funcionamento do capitalismo conduce inevitablemente á disolución do sistema. "O capitalismo leva dentro de si o xerme da súa propia destrución". Por iso, o traballador (proletariado) debe facerse coa propiedade dos medios de produción e abolir a propiedade privada.

Nas súas últimas obras Marx fala de:

-**Fetichismo**: dominio da cousa sobre o ser humano. As cousas convértense en fetiches.

-**Reificación**: O home convértese nunha mercadoría máis, unha "cousa" (res, en latín) , logo as relacións humanas convértense en relacións entre cousas.

7.- INFLUENCIAS DO MARXISMO

Trala morte de Marx e Engels a corrente marxista dividiuse en dúas:

- a) **O movemento ortodoxo de Karl Kautsky** (líder do partido social-demócrata alemán): defensores da teoría de Marx, pero **acentuada co darwinismo social**: a historia da humanidade non é máis ca un caso particular da historia dos seres vivos.
- b) **O revisionismo de Bernstein**: trata de **reformular o marxismo posto que moitas das previsións non se cumpriron**: non se produciu o agravamento da situación económica do

proletariado, non aumento o pauperismo, non afundiú inevitablemente o capitalismo. Por tanto Bernstein **rexeita a dialéctica e a ditadura do proletariado**.

- c) **Rosa Luxemburg: fundadora do partido comunista alemán, opónse ao revisionismo de Bernstein, pero tampouco acepta o fatalismo evolucionista da ortodoxia de Kautsky. O socialismo non é un resultado inevitable da historia, senón unha tendencia que debe ser levada á práctica polo proletariado: "a vitoria do socialismo non cae do ceo".**
- d) **Lenin: A difusión da corrente ortodoxa en Rusia: ataca o revisionismo de Bernstein, pero sin darse conta reforma tamén o marxismo: non é o proletariado por si mesmo o que ten que adquirir conciencia de clase, senón que ten que ser guiado por intelectuais burgueses (como Marx e Engels): o potencial revolucionario reside nunha aristocracia burguesa de vangardía: por tanto, a clase obreira non é "o partido" e tamén reforma o marxismo ao negar que o capitalismo se vaia a afundir inevitablemente (necesita uns guías), nin tampouco a revolución ocorrerá espontaneamente a partires das masas.**
- e) **Stalin e o marxismo-leninismo: Stalin converteu o marxismo-leninismo na doutrina oficial da Unión Soviética. Radicaliza a idea de Lenin de que unha elite debe facerse coa dirección do movemento obreiro. Mantén o control absoluto do partido sobre toda a cultura, sendo condenados todos os "desviacionistas". Xa Trotsky tiña profetizado que o partido comunista sería substituído polo comité central e este polo ditador; e realmente así ocorreu con Stalin. Ao final da súa vida Trotsky criticou a Stalin e foi asasinado en México por Ramón Mercader.**
- f) **G. Lukács (Húngaro): Retoma de Hegel para o marxismo a idea de método dialéctico: este método prohibe contemplar os feitos fragmentados, senón que deben ser entendidos como conectados nunha totalidade. Mantén que non é certa a tese que di que Marx afirma que a infraestrutura determina a superestrutura, senón que entre infraestrutura e superestrutura dáse unha relación dialéctica: en ambos sentidos.**
- g) **Neomarxismo francés de Roger Garaudy: introduce ideas existencialistas e cristiás no marxismo.**
- h) **Neomarxismo francés de Althusser: di que o verdadeiro Marx non é o xove "humanista" que fala de alienación, senón o Marx maduro e científico do materialismo histórico.**
- i) **A Escola de Frankfurt: Adorno, Horkheimer, Marcuse, Habermas (finais do século XX). Trala Segunda Guerra Mundial, están en contra de todos os totalitarismos: o comunismo da Unión Soviética levou a un totalitarismo do partido (marxismo-leninismo), pero tamén o bloque do oeste levou a un totalitarismo nacionalsocialista. O capitalismo avanzado da segunda metade do século XX xa non funciona como en tempos de Marx. Agora inflúen outros elementos de dominación: a televisión, psicoloxía de masas, tecnoloxía etc. e a falta de liberdade non está tan clara como en aqueles tempos: agora está enmascarada, tamén as clases sociais o están.**

Admiten o núcleo do marxismo pero cren que debe ser adaptado aos novos tempos. Para iso é necesario complementar a filosofía de Marx coa filosofía de outros

pensadores, entre eles Freud, Hegel, Nietzsche etc.).

- **Adorno e Horkheimer** forman a **Vella Escola de Frankfurt** (anos 30)

- **Marcuse e Habermas** representan a **Nova Escola de Frankfurt** (anos 60 en diante)

Todos eles comparten a chamada "**teoría crítica**" baseada na idea de **recuperar o "proxecto emancipador ilustrado"**: o ideal ilustrado de liberar ao home mediante a razón.

- **Adorno e Horkheimer** son os autores da famosa obra "Dialéctica da ilustración". A súa tese xeral é que o ideal ilustrado de emancipación do home nno se ten levado a cabo durante o século XIX e XX, senón todo o contrario. A humanidade perdeu de vista a finalidade da ilustración e por elo se trata de recuperar estes ideais emancipatorios.

Tamén todos eles se ven influenciados polos acontecementos do **maio do 68 francés** (revolta estudantil): protesta contra o capitalismo avanzado que en vez de emancipar ao home o aliena.

- **Marcuse** recorre á teoría da **represión psicolóxica de Freud e aplícaa á análise da represión social dos instintos. A sociedade capitalista avanzada reprime o instinto sexual e canalízao cara ao traballo**. A proposta de Marcuse en "Eros e civilización" consiste en **eliminar esta "represión sobrance"** do instinto sexual para que o home poda ser feliz canalizando o amor de modo natural.

- **Habermas** é un autor aínda vivo (premio Príncipe de Asturias das ciencias sociais). A súa proposta é facer da sociedade actual **unha sociedade na que as decisións se tomen por "consenso"**. Defende unha **teoría pragmática da verdade**: a verdade é o resultado dun "diálogo" entre todos os participantes sociais. Habermas **trata de "reconstruír" o materialismo histórico pero enriquecéndoo con influencias de moitos outros autores: o idealismo alemán, a psicoloxía de Freud, o pragmatismo de Peirce, a hermenéutica de Gadamer, a teoría funcional de sistemas de Luhman etc.**

Pero quizá a súa obra fundamental sexa "**Coñecemento e interese**", na cal defende que o coñecemento humano está guiado por **3 intereses**: o interese técnico das ciencias empíricas, o interese práctico das ciencias hermenéuticas e un terceiro e fundamental interese que é o "**interese emancipatorio**" propio da "Teoría crítica": a súa filosofía.

Habermas **crítica a Popper** e táchao de "positivista" por non contemplar os intereses que dirixen o coñecemento, especialmente o "emancipatorio".

TEXTOS ABAU DE MARX

K. MARX, texto 1

Manuscritos económico-filosóficos de 1844

En que consiste, pois, a alienación do traballo? Primeiro, en que o traballo é *externo* ao traballador, é dicir, que non pertence á súa esencia, que, por iso, o traballador non se afirma no seu traballo, senón que se nega, non se sente ben, senón infeliz, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, senón que mortifica o seu corpo e estraga o seu espírito. De aí que o traballador só se sinta consigo mesmo fóra do traballo e no traballo fóra de si. "No seu" está cando non traballa e cando traballa non está "no seu". O seu traballo non é, pois, voluntario, senón obrigado, *traballo forzado*. Non é daquela a satisfacción dunha necesidade, senón só un *medio* para satisfacer necesidades

alleas. O seu carácter estraño salientase nido en que en canto non hai unha constrición física ou de calquera outra índole, fóxese do traballo como da peste. O traballo externo, o traballo no que o home se allea, é un traballo de autoinmolación, de mortificación. Finalmente a exterioridade do traballo para o traballador maniféstase en que non é o seu propio traballo, senón o doutro, en que non lle pertence, en que no traballo non se pertence a si mesmo, senón a outro. Así como na relixión a actividade espontánea da fantasía humana, do cerebro e do corazón humanos, esta actúa independentemente do individuo, é dicir, é para el coma efecto dunha acción divina ou demoníaca; así a actividade do traballador non é actividade de seu; pertence a outro, é a perda de si mesmo.

K. MARX, *Manuscritos económico-filosóficos de 1844*, Primeiro manuscrito, XXIII (O traballo alleado)

Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

K. MARX, texto 2

A ideoloxía alemá

En completa oposición á filosofía alemá, a cal descende do ceo á terra, erguémonos aquí da terra ao ceo. É dicir, non se parte daquilo que os homes din, imaxinan ou se representan, e tampouco dos homes ditos, pensados, imaxinados, representados, para dende aí chegar aos homes de carne e óso; pártese dos homes realmente activos e con base no seu real proceso vital, preséntase tamén o desenvolvemento dos reflexos e ecos ideolóxicos deste proceso de vida. Tamén as imaxes nebulosas no cerebro dos homes son sublimacións necesarias do seu proceso vital material empiricamente constatable e ligado a precondicións materiais. A moral, a relixión, a metafísica, e a restante ideoloxía, e as formas da consciencia que lles corresponden, non conservan así por máis tempo a aparencia de autonomía. Non teñen historia, non teñen desenvolvemento, senón que os homes que desenvolven a súa produción material e o seu intercambio material son os que, ao cambiar esta súa realidade, cambian tamén o seu pensamento e os produtos do seu pensamento. Non é a consciencia a que determina a vida, senón que é a vida a que determina a consciencia. No primeiro modo de consideración pártese da consciencia como individuo vivo; no segundo, que corresponde á vida real, pártese dos mesmos individuos vivos e reais e considérase a consciencia unicamente como a *súa* consciencia.

K. MARX / F. ENGELS; *A Ideoloxía alemá* (1845/46), Tomo I, I. A. [1.] (A ideoloxía en xeral, nomeadamente a alemá)

Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

K. MARX, texto 3

Para a crítica da economía política

O resultado xeral que obtiven e que, unha vez conseguido, serviu de fío condutor aos meus estudos, pode ser así sucintamente formulado: na produción social da súa vida entran os homes en determinadas relacións, necesarias, independentes da súa vontade, relacións de produción que corresponden a un determinado nivel de desenvolvemento das súas forzas produtivas materiais. A totalidade destas relacións de produción forma a estrutura económica da sociedade, a base real sobre a cal se ergue unha superestrutura xurídica e política, e á cal corresponden determinadas formas da consciencia social. O modo de produción da vida material condiciona o proceso da vida social, política e espiritual. Non é a consciencia dos homes a que determina o seu ser, senón ao contrario, é o seu ser social o que determina a

súa consciencia. Nunha certa etapa do seu desenvolvemento, as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de produción existentes ou, o que é só unha expresión xurídica disto, coas relacións de propiedade no seo das cales se tiñan ata aí movido. De formas de desenvolvemento das forzas produtivas, estas relacións convértense en ataduras das mesmas. Sobrevén así unha época de revolución social.

K. MARX; *Para a crítica da economía política* (1859), Prólogo Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

K. MARX, texto 4

O capital

Por outra banda, emporiso, restrínxese o concepto de traballo produtivo. A produción capitalista non é simple *producción de mercancías*, é esencialmente produción de plusvalía. O traballador non produce para si, senón para o capital. É por iso que xa non abonda con que simplemente produza; ten que producir plusvalía. *Só é produtivo o traballador que produce plusvalía para o capitalista ou en proveito da autorrealización do capital (...)* Por iso en ningún caso o concepto de traballo comprende unicamente unha relación entre actividade e efecto útil, entre traballador e produto do traballo, senón tamén unha relación de produción especificamente social que se xera historicamente e que fai do traballador un instrumento inmediato para o proveito do capital.

(...)

A prolongación da xornada laboral alén do punto no que o traballador ten xa producido un equivalente do valor da súa forza de traballo e máis a apropiación desta plusvalía polo capital: iso é a produción de *plusvalía absoluta*. Esta constitúe o fundamento universal do sistema capitalista e a orixe da produción de plusvalía relativa. Neste caso a xornada laboral está dividida de antemán en dúas partes: traballo necesario e traballo engadido. Para prolongar o traballo engadido acúrtase o traballo necesario por métodos mediante os cales o equivalente do salario é producido en menos tempo. A produción da plusvalía absoluta ten que ver unicamente coa duración da xornada de traballo; a produción da plusvalía relativa revoluciona por completo os procesos técnicos de traballo e os agrupamentos sociais.

K. MARX; *O capital*, Tomo I (Crítica da economía política), Libro I, Sección V, Cap XIV (Plusvalía absoluta e relativa)

Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)